

## DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DA PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DOS IMPORTES DOS PREMIOS DE ENTROIDO 2020 NO CONCURSO INFANTIL.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 3-2020, por un importe total de 7.975,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020.

Vista a proposta desta Alcaldía de data 21/02/2020 na que se pon de manifesto a inexistencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento Xeral Municipal 2020, no nivel de vinculación xurídica para dar cobertura ás obrigas derivadas da proposta de ampliación dos importes dos premios de Entroido 2020 no concurso infantil.

Dada a verificación de inexistencia de crédito adecuado e suficiente, e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, procede a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos segundo o seguinte tenor, creando se procede as aplicacións orzamentarias que resulten procedentes:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
33000.22699	7.975,00 €	33000.48101	7.975,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>7.975,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>7.975,00 €</b>

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto e o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/76 de data 27/02/2020 e en virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 7.975,00 euros para dar cobertura ás obrigas derivadas da **proposta de ampliación dos importes dos premios de entroido 2020 no concurso infantil:**

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
---	-----------	---	-----------

**Intervencion**

MVF

Refª: ispac482576540391054050.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 3-2020

33000.22699	7.975,00 €	33000.48101	7.975,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>7.975,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>7.975,00 €</b>

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.